

Mariasun Landa, elixida Escritora Galega Universal 2020

16.02.2020

REDACCIÓN

Santiago. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou acordou onte na asemblea que celebrou que Vítor Vaqueiro sexa o próximo "Escritor na súa Terra - Letra E" e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo sexta edición; será no mes de xuño no Concello de Santiago.

A Asemblea xeral ratificou Mariasun Landa como Escritora Galega Universal 2020, desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da altísima calidade literaria da súa obra, así como por ter defendido e defender a lingua, a cultura e a dignidade nacional de Euskadi. O premio será entregado o día 9 de maio, no marco da V Gala do Libro Galego, no Teatro Principal de Santiago.

Nas anteriores edicións, recibiron este nomeamento as escritoras e escritores Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lidia Jorge, Bernardo Atxaga, Luiz Ruffato, Pere Gimferrer, Hélia Correia, Isabel-Clara Simó e Teresa Horta.

Aprobouse o programa de actividades para o ano, que inclúe a celebración do vindeiro Día de Rosalía, así como as previstas para a conmemoración do 40 aniversario da AELG.

A Sección de Literatura de Tradición Oral propuxo recoñecer como Mestras e Mestre da Memoria 2020 a Batuko Tabanka e a Emilio Españañero. A entrega destas distincións terá lugar na V Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria.